



PROGRAMA CINENSINO

PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES PARA A PREVENCIÓN DO CONSUMO DE ALCOHOL E OUTROS TRASTORNOS ADICTIVOS E COMPORTAMENTAIS NO EIDO ESCOLAR A TRAVÉS DOS MEDIOS AUDIOVISUAIS E AS TIC.

PROGRAMA INCLUÍDO NA CARTEIRA DE SERVIZOS EN DE PREVENCIÓN DO PLAN DE GALICIA SOBRE DROGAS DA DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE.

PRESENTACIÓN DO PROGRAMA CINENSINO DIRIXIDA AOS PAIS DO ALUMNADO

CINENSINO é un programa de Educación en Valores para a prevención do consumo de alcohol e outros trastornos adictivos e comportamentais no eido escolar a través dos medios audiovisuais e as TIC (Tecnoloxías da Información e as Comunicacions) creado e desenvolvido integramente en Galicia segundo criterios do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 e do Observatorio Europeo de Drogodependencias e Toxicomanías (OEDT). Dirixido ao ámbito escolar, te n como finalidade previr a aparición de problemas relacionados coas condutas de abuso e os trastornos adictivos entre os destinatarios do mesmo, isto perséguese mediante a consecución dos seguintes obxectivos xerais.

Reducir a prevalencia e intensidade no consumo de alcohol en menores e adolescentes.

Racionalizar o uso das TIC previndo as adicións sociais e condutas relacionadas

Atrasar ou impedir o inicio de condutas adictivas no eido escolar.

¿Como acadar os nosos obxectivos?

1. Proporcionando coñecemento da interacción adicións-organismo, consecuencias e riscos asociados.
2. Favorecendo o sentido crítico fronte a propaganda que potencia a adquisición de patróns adictivos..
3. Potenciando a autoestima, a capacidade de decisión, a autonomía persoal e reforzando a asertividade como medios para fortalecer a resistencia á presión do grupo.
4. Promovendo o desenvolvemento de actitudes e valores favorecedores da saúde e a ocupación enriquecedora do tempo mediante ocio e deportes.

O programa vai dirixido á poboación escolar de 4º, 5º e 6º da EP e 1º e 2º da ESO por ser nesta idade na que se producen os primeiras conductas adictivas. A intervención preventiva debe comezar antes de que se establezan patróns de comportamentos difíciles de cambiar.

CINENSINO consta da proxección de 3 películas (unha cada trimestre), a realización das correspondentes unidades didácticas (compostas dun manual para o profesorado e un caderno para o alumnado), actividades complementarias na internet e a posibilidade de facer un curso de formación para o profesorado online.

Cinensino (Programa declarado de Interese Sanitario pola Consellería de Sanidade) recibiu en 2.004 o Certificado de Calidade do Observatorio Europeo de Drogodependencias (OEDT) e colaboran no seu desenvolvemento as tres Universidades galegas, o Consorcio Audiovisual de Galicia e a Axencia Audiovisual de Galicia.

Para máis información contactar:

Programa CINENSINO
Calle Mendez Nuñez, num 2 planta 2.
36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Tfno: 886-16.47.74
Fax: 986-59.01.85
Email: info@cinensino.com
Web: www.cinensino.com

PROGRAMA CINENSINO

Calle Méndez Nuñez, nº 2. 2º Planta. 36.600. Vilagarcía de Arousa. Pontevedra.
Tfno: 886-164.774. Fax: 981-590.185. Móvil: 617-488.328
Email: info@cinensino.com